



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Os fumadores

39

Avísovos con cariño
a todos os fumadores
prã que teñades cuidado
con mantas e cobertores.

Eso é mui necesario
non seamos olvidados
tod'os que andamos co lume
podemos morrer queimados.

Porque sal o ladrón
que rouba ia nos discute
e cando 'stá operando
non hai sitio que non busque.

Ás veces síntense casos
algúns son de lamentare
tamén en esta ocasión
este que von a contare.

Labraban dous labradores
cada un en súa leira
com'o costume de antes
con arados de madeira.

Un deles é de mal xenio
ademais mui fumadore
e siemp'r'estaba de malas
sin poder estar millore.

Cando non tiña tabaco
pau en muller e criados
si eso era na iagra
asta lle romp'os arados.

A gholpes cos animais
sin podé-lo remediare
así vencía o capricho
se non tiña que queimare.

Per'un día botou contas
que nada ll'iban a dare
tomou eso por verghonza
per'acordoulle fumare.



Era liseiro do senio
hastã andar no camiño
por no estar fumando solo
foille berrar ó veciño.

Vente pr'acó Manoel
vamos fumar un cigharro
mentes as vacas remoin
'stamos nós sunt'ó valado.

O veciño foi ghiado
o'á pirmeira ves
e tamén non tiña lume
fuisse pra cabo d'Andrés.

Así qu'os dous se suntaron
princiaron a conversare
cada iun da súa vida
do seu ben- ou malestare.

Cand'un vello cont'a vida
fai un libro ou fai historia
s'alargh'a conversación
äcortäsell'a mamoria.

Eso lle pasä iós vellos
que lle resulta ser falsa
que cando debían té-la
tarde vén e pronto marcha.

Andrés botou o esqueiro
sin apaghar no bolsillo
cand'o calor se dou conta
sa ll'ardera o calzoncillo.

Manoel ó ver arder
cã'ó chan desmaiado
que por causa dun pitillo
morrer'on home queimado.

Per'Ändrés falaba solo
a ver si o apaghamos
aunque quedemos co fumo
sin figura de cristianos.

Manoel fui despertado
aunque con pouco solás
e vío ll'arder Andrés
a chaqueta por detrás.



Coas mans apretoull'ã roupa
prã ll'acortar ó respiro
apagha por diant'Andrés
que se non morres ardido.

E si loghran apaghá-lo
que o lume llapareaba
con traballo e calor
sa ia sudor os mullaba.

E despois botaron contas
com'habían de facere
o lume sa s'apaghara
o lío era ca mullere.

Per'Andrés marchou prá casa
escondido dos veciños
e asta pä que n'o visen
fui cambiando de camiños.

A muller ví'o de lonx'
non pudo deté-la risa
ti qué che pasou Andrés
ou queimáste-la camisa

Non me riñas Manoela
esta fui unha desgracia
que se non for'o veciño
eu non volvíã iá casa

Peghou o lume conmigho
por detrás e mais por diante
que fumos dous a apaghá-lo
e non éramos bastante

E o fumo do esqueiro
fixome tornar moi neghro
desd'o día que nacín
nunca tuven tanto medo.

Houben de quedar na iaghra
e prã morrer siempr'é cedo
ardido com'on tizón
espateado no regho.